

LECTURA DE SÍLABAS INVERSAS

PARA O ALUMNADO DE 6.º DE EDUCACIÓN INFANTIL

laclasedemarta.nantes@gmail.com

¿QUÉ SE ENTENDE POR SÍLABAS INVERSAS?

- As Sílabas Inversas son aquellas nas que a **vocal** está e se pronuncia diante da **consoante**.

AL	EL	IL	OL
UL	AS	ES	IS
OS	US		

¿DE QUÉ FORMA AS TRABALLO EU NA AULA?

- Como xa expliquei en presentacións anteriores, máis importante que “aprender a ler” nestas idades, é adoptar unha **conciencia fonolóxica axeitada** (requisito previo).
- **Non se trata de traballar letras sen “ton nin son”** senón darle sentido ao que estamos traballando, razoala, meditala, buscar as diferencias respecto a outras grafías e fonemas...
- É por elo, que o traballo das **sílabas inversas**, considero interesante á par de beneficioso, solapalo co das sílabas directas. Así, os nen@s comprobán por sí mesm@s como dúas letras “sonan diferente” ao ir xuntas, en función da que vaia diante ou cal detrás. (Ex. non é o mesmo VI que IV, aínda que as letras que aparecen en ambos casos sexan o V e o I).
- É importante que os nen@s **identifiquen os sons por separado** de cada letra (fonema), para posteriormente xuntalos. Por elo, nun primeiro momento se traballan os sons de forma illada, para despois conxugalos.
- Neste caso, ao igual que o fixemos coas sílabas directas, traballamos á par o son /b/ e /v/ pola súa similitude.

B/b	ba	be	bi	bo	bu
	ab	eb	ib	ob	ub
V/v	va	ve	vi	vo	vu
	av	ev	iv	ov	uv


TOMAMOS HOJE COMO REFERENCIA AS SÍLABAS INVERSAS DO “R” E O “T”

	A	E	I	O	U
	a	e	i	o	u
B b	BA ba AB ab	BE be EB eb	BI bi IB ib	BO bo OB ob	BU bu UB ub
V v	VA va AV av	VE ve EV ev	VI vi IV iv	VO vo OV ov	VU vu UV uv

PROPOSTAS PRÁCTICAS PARA FAVORECER O TRABALLO DAS SÍLABAS INVERSAS.


- Separar palabras que conteñen ditos fonemas en sílabas:
- Ex. BURRO= BU-RRO. Nos fixamos se o /B/ neste caso vai ao principio de sílaba (directa) ou detrás dunhas vogal (inversa).

- AVÓ= A-VÓ Neste caso a palabra comeza por vogal pero forma unha soa sílaba; mentras que VO é sílaba directas por ir antes a consoante V.




	BINGO	
BA	AB	IV
BO	EB	VE
BU	UV	UB
VI	OV	VA

- **Bingo de sílabas:** podedes crear os vosos propios paneis. Nunha bolsiña metedes as sílabas por separado e ides sacando, de tal maneira que o nen@ teña que ir sacando aquelas que ides lendo. Despois cambiades os roles, eles “len” e vos “tachades”. É interesante mesturar sílabas directas e inversas, de tal maneira que sirva de reforzo.



- Buscar en **contos** que teñades en casa ou en **etiquetas de alimentos**, palabras que estean formadas por sílabas inversas ou directas. Dese modo o nen@ está a notar “a presenza” destas sílabas en palabras referidas a elementos cotiás que lle rodean.



**PROPOSTAS
PRÁCTICAS
PARA
FAVORECER O
TRABALLO
DAS SÍLABAS
INVERSAS.**

TAREFAS PARA HOXE...

- PRACTICAR A **LECTURA DE SÍLABAS DIRECTAS E INVERSAS CO “V” E CO “B”**, TAL E COMO APARECEN NO CADRO DA PÁXINA 4 DESTA PRESENTACIÓN.
- LISTAXE DA COMPRA (DOCUMENTO ADXUNTO) QUE CONLEVA UN EXERCICIO DE LECTOESCRITURA DE PALABRAS MONOSÍLABAS, BISÍLABAS E TRISÍLABAS.
- SE O DESEXADES PODEDES IR **XUNTANDO TAPÓNS** PARA FACER O VOSO PROPIO ABECEDARIO (tamén podeades optar por escribilo en cuadrantes de folio ou cartolina, recortalo e listo!).



RECOMENDACIÓNS



- **NON HAI PRÉSA!** CADA NEN@ TEN O SEU RITMO. SEN AGOBIOS, O PROCESO LECTO- ESCRITOR TEN QUE FLUIR, SER ALGO DIVERTIDO E MOTIVADOR; NON ALGO QUE TENSIONE AOS NEN@S: **“ESTÁN APRENDENDO”**.
- O **REFORZO POSITIVO** SEMPRE É O MELLOR ALIADO. FELICITÁDEOS POLOS AVANCES, POR PEQUENOS QUE VOS PAREZAN. ¡PARA ELES, TODO É UN MUNDO!
- RECORDÁDELLES CADA DÍA O BEN QUE O ESTÁN FACENDO NESTA SITUACIÓN, **SON VERDADEIROS HEROES E HEROÍNAS**.
- **POLA MIÑA PARTE, FELICITARVOS! ESTOU SEGURA QUE O ESTADES A FACER XENIAL, PONDO TODO O VOSO EMPEÑO E FACENDO DESTA SITUACIÓN ALGO MÁIS DOADO. ¡PARABÉNS, FAMILIAS!**
- **CALQUERA DÚBIDA, COMENTARIO, PROPOSTA... ESTOU A VOSA DISPOSICIÓN NO CORREO:** laclasedemarta.nantes@gmail.com
- **MANDO UNHA APERTA VIRTUAL XIGANTE A TOD@S OS VALENTES. AGARDO VERVOS PRONTO ☺**

